

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

En Pontevedra/Entidade local menor de Bembrive

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. Marcos Castro González, alcalde pedáneo da Entidade local de Bembrive, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que con data 1 de decembro de 2016 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.

Segunda.- Que 54 concellos, 4 Mancomunidades e 6 Entidades Locais Menores adheríronse ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.

Terceira.- Este proxecto permitiu ás entidades locais da provincia adheridas ter todos os seus expedientes organizados e localizados, evolucionando do expediente en papel ao expediente electrónico, a través da incorporación da sinatura electrónica en todos os seus expedientes. Ademais, habilitou a posta en funcionamento das correspondentes



sedes electrónicas que permiten ás persoas interesadas relacionarse de xeito electrónico, consultar os eu expedientes e rexistros, recibir notificacións electrónicas, realizar pagos telemáticos e verificar a validez de documentos electrónicos.

Cuarta.- Que segundo o establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non é posible estender a vixencia total do devandito convenio por un prazo superior a 4 anos.

Quinta.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da gran demanda e a importancia de dar continuidade ao servizo de administración electrónica implantado, desexa promover, mediante este novo convenio, a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as entidades locais adheridas ao precedente Convenio para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos” e aqueles outros concellos da provincia de poboación inferior a 20.000 habitantes.

Sexta.- Que a Deputación de Pontevedra está en proceso de licitación, mediante un procedemento aberto, a contratación do “servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”.

Sétima.- Que o artigo 36.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a prestación de servizos de administración electrónica.

Oitava.- Que o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia Lei regula no seu capítulo VI do Título Preliminar o Convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común.

Novena.- A Deputación de Pontevedra, de conformidade coa política de cooperación interadministrativa que se deriva das iniciativas da UE no ámbito da administración electrónica e que se recollen na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, e consciente da gran demanda e a importancia do servizo de administración electrónica para as entidades locais adheridas ao anterior convenio, desexa promover a continuidade a través dun novo proxecto para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as entidades locais co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas.

Décima.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e Entidade local menor de Bembrive para a implantación, formación, soporte e mantemento



dunha solución de administración electrónica para as entidades locais da provincia de Pontevedra, co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas.

Segunda. Ámbito subxectivo

As entidades locais beneficiarias das actuacións previstas no presente convenio serán:

- As entidades locais adheridas ao precedente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.
- Os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que non formalizaran a súa adhesión ao devandito convenio.

Terceira. Alcance da solución de administración electrónica

É alcance do presente convenio a posta a disposición, formación e mantemento dunha plataforma de tramitación electrónica que permitirá ás entidades locais da provincia dispor dunha sede electrónica personalizada para a relación coa cidadanía e dun portal de tramitación para as persoas traballadoras das entidades locais da provincia que facilitará a xestión integral dos procedementos e expedientes por medios electrónicos.

Deste xeito, a solución posibilita a realización electrónica de calquera trámite dun procedemento administrativo, a xestión documental integramente electrónica dos documentos da xestión viva do expediente, archivar electronicamente, garantir un funcionamento electrónico interno e traballar de forma coordinada e interoperable con outras Administracións.

Ademais, será alcance do servizo:

- A migración da información, a implantación, a parametrización e a posta en marcha de todos os módulos que forman parte do servizo de administración electrónica. Desta maneira porase ao disposición do persoal técnico dos concellos unha xestión electrónica de expedientes e unha sede electrónica para as e os cidadáns.
- A xestión do cambio e formación para que o persoal da entidade local poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
- O soporte e mantemento correctivo e de adaptación e seguimento desde o momento de posta en produción e durante todo o período de garantía de proxecto que garantan a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:



1. A implantación e parametrización na entidade local dos servizos que require o proxecto de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra.
2. Respetar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento na normativa básica de protección de datos de carácter persoal.
3. Favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal da entidade local poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
4. Comunicarlle a entidade local calquera modificación na prestación dos servizos de administración electrónica debida a cambios tecnolóxicos ou legais.

Quinta. Obrigas da entidade local

A entidade local comprométese ao seguinte:

1. Autorizar á empresa adxudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación dos servizos enumerados no apartado anterior.
2. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adxudicataria. A entidade local deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do Convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.
3. Pór a disposición da institución provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da aplicación na entidade local.
4. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.
5. Colaborar de maneira activa co organismo provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do Concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.
6. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



O prazo de xustificación das actuacións efectuadas con cargo ao proxecto subvencionado será dun mes para contar desde a finalización do prazo de execución das actividades previstas en cumprimento do alcance establecido na cláusula segunda do presente Convenio.

Sexta. Financiamento e réxime económico

O custo total das actuacións obxecto do presente Convenio é de 480.099,17 euros, máis 100.400,83 euros (correspondente ao 21% de IVE) para facer un total de 578.500 euros por cada ano de duración do convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.06 do vixente Orzamento de Gastos.

Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio as entidades locais deberán asumir o pagamento dunha contraprestación económica segundo o previsto no Modelo de contraprestación económica e criterios de distribución recollido como Anexo I. Este modelo ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

A forma de liquidación será anual e as achegas económicas, segundo o previsto no Anexo I, deberán ingresarse na Tesoureira provincial no primeiro trimestre de cada exercicio nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Sétima. Control e seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte da entidade local, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en materia de Administración electrónica, ou a persoa na que delegue.
- Pola entidade local, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Administración electrónica, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

Oitava. Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de



racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena. Resolución

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométese a finalizar as actividades en curso.

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia dun (1) ano desde a do 1 de abril de 2021 e poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Décimo primeira. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8



de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As partes comprométese a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula quinta. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A entidade local deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, de acordo co disposto no artigo 14.d) da Lei Xeral de Subvencións.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo sinala o artigo 30.4 da Lei Xeral de Subvencións.

O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Confidencialidade da información

As partes comprométese ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade



das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo cuarta. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

A contratación do servizo obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

A empresa adxudicataria do contrato porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandita persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo sexta. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo sétima. Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio



ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

Décimo oitava. Adhesión dos entes locais

As entidades locais previstas na cláusula segunda poderán adherirse ao establecido no presente convenio achegando a Carta de Adhesión prevista como Anexo II.

Unha vez recibida a solicitude de adhesión, a Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos, e, no seu caso, mediante resolución ou acordo por parte do órgano competente, aprobará a citada solicitude, acto que será oportunamente notificada á entidade local solicitante.

ANEXO I

MODELO DE CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA ANUAL

POBOACIÓN CONCELLOS	PAGO POR ENTIDADE
De 501 a 3.000	1.000,00 €
De 3.001 a 5.000	1.500,00 €
De 5.001 a 10.000	2.500,00 €
De 10.001 a 15.000	3.500,00 €
De 15.001 a 20.000	4.500,00 €
De 20.001 a 30.000	5.500,00 €
MANCOMUNIDADES E ELMS	0,00 € ”

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento
 no enderezo: <https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación (CSV): OEAF AQDGD40NITUH

